



## OBSERVATORIO PARA A CONVIVENCIA

### DINAMIZACIÓN DA CONVIVENCIA

#### Plan de convivencia

#### MEMORIA DE ACTIVIDADES 2012-13

- APROBACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA: TEXTO, ANEXOS E PROGRAMAS.
- EN PROCESO: PROGRAMACIÓN DA AULA DE CONVIVENCIA. (Entregados documentación e material ó equipo directivo)
- EN PROCESO (en diferentes fases de desenvolvemento) OS PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN E DERIVACIÓN ÓS DIFERENTES PROGRAMAS.
- ACTIVIDADES PARA TRABALLAR AS NORMAS DE AULA NOS GRUPOS DE 1º DE ESO. COLABORACIÓN DO ALUMNADO DE PRÁCTICUM de EDUCACIÓN SOCIAL. Ademais de dinámicas de aula para elaborar e consensuar unhas normas, fixéronse dinámicas nos recreos para establecer vínculos entre o alumnado de 1º (veñen de diferentes centros) e favorecer a cohesión de grupo.





- EXPOSICIÓN SOBRE EDUCACIÓN PARA A SAÚDE. CRUZ VERMELLA. Para os grupos de 2º de ESO. “A Viaxe de Kali”. Contamos con monitores (voluntarios de Cruz Vermella, para as visitas guiadas con actividades interactivas)



- TALLERES DE PREVENCIÓN DE DROGAS. CRUZ VERMELLA. Para todos los grupos de 4º de ESO
- TALLERES DE CRUZ VERMELLA sobre ALIMENTACIÓN, e trastornos como anorexia e bulimia, para todos os grupos de 4º de ESO.
- TALLERES DE ASAMBLEA DE COOPERACIÓN POLA PAZ. Para todos los grupos de 4º ESO, en torno a los temas relacionados con material DE PROFESIÓN, CIUDADANÍA. A partir de una sesión de juego con un tablero que reproduce el mundo e as loitas de poder económico, político etc, en cada grupo decídense abordar os temas que máis lles interesan.



4º A

Comercio Xusto. Partir deste tema.



4º B. Ó titor interesalle especialmente o tema da xenofobia. Hai algúns rapaces con actitudes racistas .

Os temas que propoñen son:

- racismo
- desequilibrio norte-sur
- emigrantes
- refuxiados

4º C - A agresión de Israel a Palestina

- igualdade de xénero
- Inhumanidade na sociedade capitalista
- consumismo na nosa sociedade.

#### ▪ AULA DE ESTRANXEIROS

Este proxecto activa medidas de atención especiais a estes alumnos. Está a cargo, con carácter piloto, do especialista de Audición e Linguaxe do centro, dende hai varios cursos. Atende este curso só a dúas rapazas e unha ou dúas sesións por semana. Por iso este curso, ante unha nova necesidade detectada se lle dera saída: obradoiros de técnicas de estudo.

- PRESENTACIÓN DO DOCUMENTAL DOS TALLERES DE TELEVISIÓN AGARESO E ASAMBLEA DE COOPERACIÓN POLA PAZ NO MARCO DO PROGRAMA “ESCOLAS SEN RACISMO”. Elaboración e presentación dun programa de TV feita por nenos titulado *FRAGUANDO A DIVERSIDADE*.



<http://www.agareso.org/blogs/escolasenracismo/?cat=1>



A prensa recolleu a información



<http://www.elcorreogallego.es/tendencias/ecg/alumnado-do-ies-antonio-fraguas-presenta-un-programa-television-prol-da-inclusion/idEdicion-2012-11-07/idNoticia-775330/>

[http://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/2012/11/09/calidad-carta-presentacion/0003\\_201211S9C12991.htm](http://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/2012/11/09/calidad-carta-presentacion/0003_201211S9C12991.htm)

- TEATRO DA OPRIMIDA. TROCANDO PELES

O alumnado de 1º e 2º de ESO de Artes Escénicas asistiu a unha representación de teatrofórum.

**Trocando Peles** é un proxecto de formación a través de actividades lúdico-educativas a colectivos sociais, a mozos e mozas e persoal docente de institutos sobre Dereitos Humanos, cidadanía e interculturalidade con perspectiva de xénero”, financiado pola Xunta de Galicia.

**Trocando peles** quiere achegar ferramentas e metodoloxías participativas, neste caso o Teatro do Oprimido baseado na Pedagogía do Oprimido de Paulo Freire.



- Colaboración con la asociación dawn compostela para a conmemoración do 21 de marzo. Realización dun vídeo co protagonismo dun alumno do centro con síndrome de down maratón de lectura





▪ COLABORACIÓN DE IGAXÉS.

- Escola de Vida: Pretalleres polas tardes para alumnado en risco de exclusión e abandono escolar. Este ano foi de xardiñeiría e participaron sete rapace e rapazas do centro.
- TALLERES SOBRE RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS 2º DE ESO
- TALLERES SOBRE AUTONOMÍA PERSOAL 3º DE ESO

▪ MEDIACIÓN ESCOLAR

Este curso continuamos con éxito co programa de mediación escolar.

Afianzamos a formación dos nosos mediadores e realizamos un NOVO taller formativo para o novo equipo de alumnado Ademais participamos nunha nova xornada de convivencia no IES Xulián Magariños de Negreira a nivel autonómico con rapaces e profesores de varios centros con programa de mediación.



**I Encontro de centros para unha convivencia positiva**

**NEGREIRA, 23 e 24 de Maio de 2013**

**Organizadores:**  
IES XULIÁN MAGARIÑOS, NEGREIRA  
IES SAN DO CAMINO, ESTEIRA  
**Participación:**  
IES XULIÁN MAGARIÑOS, NEGREIRA  
IES SAN DO CAMINO, ESTEIRA  
IES CARLOS CASARES, USTIA DO BOLO  
IES LUCAS AUGUSTI, LUGO  
IES DE BRANCO, TROIA  
IES ANTON FRAULAS, SANTIAGO DE COMPOSTELA  
IES DE INEIRAS, MUGOS  
IES PORRA DO CARMIÑAL, A PREGA DO OBERAÑAL  
IES DE OITOUQUELA, OITOUQUELA  
IES ALFONSO A.EL. SANDE, CAMBADO  
IES ISIDRO PARCA FONDAL, CARBALLO  
IES ELIANA, A COLADA  
IES P. L. RUBIA  
IES CASTRO ALGORE, VILLAGRACIA  
IES FORTALEZA, MURÓS  
IES DE ROSCURI, CAMOES DO NOROCCO  
CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE DA CORUÑA, CULLEREDO  
CFE DO PROGRESO, OITOUKA

**Facebook** Encontro Convivencia Negreira Estreia #IstextosNegreia



O equipo de Mediación (PROXECTO M) dentro das liñas de traballo do Plan de Convivencia levou a cabo estas actividades para o día 8 de marzo, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.

- Elevar á Dirección do centro, para que posteriormente sexa levado a Consello Escolar, unha proposta consistente en irle dando ós distintos espazos do centro o nome dalgũa persoa relevante e influínte. A idea foi comezar por unha muller, para conmemorar así o día 8 de marzo. En cada clase tiñan que votar as candidatas e propoñer a máis votada. Xúntase documento. Saiu elixida IRENA SENDLER.

- En segundo lugar, na entrada do IES fíxose unha exposición que consistiu en colgar prendas de roupa d epapel branco (aspectos positivos) e marrón (aspectos negativos como desigualdade, prexuizos...) para que todo o mundo aportase o que sentise ou pensase.

- Campaña solidaria de NADAL
- Campaña solidaria de **recollida de leite.**

Dende Cáritas Parroquial de Fontiñas fíxose un chamamento para recoller leite, pois son moitas as persoas (nenos e maiores) que o precisan.

Gracias á colaboración da comunidade educativa do centro conseguimos 143 envases e 200 euros que servirán ademais para solventar outras necesidades básicas.





- PROXECTO MELLORA

Desenvolto desde o curso 2010-2011. Axuda ao alumnado con problemas conductuais, emocionais e psicolóxicos a través de sesións especializadas e totalmente adaptadas ás características e necesidades de cada adolescente.

Apostamos por un proxecto no que aunamos forzas para que o acoso escolar non se oculte tras o medo ás represalias ou a vergoña de quen o padece e dea paso ao respecto e a comprensión entre os estudantes

Xúntase memoria

Dentro del, destacamos este curso:

- TALLERES DE PREVENCIÓN DO ACOSO ESCOLAR

Realizados nas aulas de 1º e 3º de ESO e encamiñado a desenmascarar as situacións



de acoso latentes e tamén a responsabilizar ás persoas que son espectadores pasivos do acoso. Ó longo de tres semanas leváronse a cabo os obradoiros de prevención do acoso escolar "RESPETAME!" en tódolos grupos de 1º de ESO.

Andrea Valcárcel (ADOLESÁN) foi a responsable da súa implementación coa colaboración do Departamento de Orientación.

O alumnado manifestou un grao de interese e satisfacción moi alto, valorando moi positivamente a actividade

- TALLER DE INTELIXENCIA EMOCIONAL

Realizados en tódolos grupos de 2º de ESO. Obradoiros de EDUCACIÓN EMOCIONAL "COÑECENDO AS MIÑAS EMOCIÓNS" a cargo de Andrea Valcárcel (ADOLESÁN) e o Departamento de Orientación. Moi boa acollida entre o alumnado.





- EXPOSICIÓN CONTRA O ACOSO NA ENTRADA DO IES. MURO CONTRA O ACOSO



A actividade consistente nunha exposición na entrada do IES con mensaxes positivos de axuda a vítimas de bullying. Acompáñase dunha colección de fotos de rapaces e rapazas que chegaron ó suicidio

O xornal O CORREO GALLEGO presentou unha reportaxe sobre o programa de MEDIACIÓN ESCOLAR PROXECTO M e sobre o programa de Habilidades socioemocionais MELLORA

<http://www.elcorreogallego.es/santiago/ecg/problemas-familiares-ansiedad-ira-detonantes-acoso-escolar/idEdicion-2012-12-10/idNoticia-780701/>

- ◇ CLAUSURA DO PROGRAMAS DE MEDIACIÓN ESCOLAR. ENTREGA DE DIPLOMAS.



CLAUSURA DOS PROGRAMAS MELLORA E MEDIACIÓN ESCOLAR. XUÑO DE 2013.







- CHARLA A PAIS E NAIS para presentar os resultados do programa MELLORA e os talleres
- ESCOLA DE PAIS e NAIS: COMUNICARSE COS ADOLESCENTES.

Acerca dos límites cos fillos

A cargo de María José Blanco Freire. Psicóloga reponsable do programa de atención a adolescentes da Unidade Municipal de Atención a Drogodependentes do Concello de Santiago de Compostela (UMAD). 4 sesións no mes de abril

Ademais

- PAPIROFLEXIA E XOGOS MATEMÁTICOS NOS RECREOS



- ACTIVIDADES DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: CONCURSOS E ACTIVIDADES : carteis, microrrelatos etc
- PARTICIPACIÓN EN XORNADAS DE FORMACIÓN SOBRE ESTES TEMAS
- Participación na xornada sobre ESCRAVITUDE INFANTIL CON VARIOS GRUPO DE 1º DE ESO, logo dun breve taller na titoría ou na hora de Relixión.

- SEMANA DEDICADA A JAMES JOYCE como exemplo de convivencia, colaboración e traballo en equipo (en estreita colaboración co equipo do plambe e o profesor rafael varela)





- Festa da convivencia da ANPA

- **XUNTANZAS DE BARRIO.** REDE Compostela Integra  
[http://www.compostelaintegra.org/entidades/rede.php?id\\_rede=2&lg=gal](http://www.compostelaintegra.org/entidades/rede.php?id_rede=2&lg=gal)

Destacamos:

- **TRABALLO EN MATERIA DE ABSENTISMO ESCOLAR**  
**PRESENTACIÓN DO PROXECTO COMUNITARIO SOBRE ABSENTISMO ESCOLAR**

O 21 de setembro, tivo lugar no IES Antonio Fraguas, ás 11:00 horas a presentación da publicación titulada “*Proxecto de intervención comunitaria en materia de absentismo escolar do barrio de Fontiñas*”. Estiveron presentes a Concelleira de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego, Dona Paula Prado e a



Concelleira de Educación, Rebeca Domínguez.

A publicación é un traballo conxunto elaborado por Lola Sanz

(orientadora do IES), Eva González e Chus Viqueira (Servizos Sociais. UTS de Fontiñas) coa colaboración de Santiago López e Xabier Salgado (CEIP de Fontiñas)



O deseño das portadas é da profesora do IES, Marisa Calderón.

A asistencia ó acto de presentación foi moi concurrida contando coa presenza de numerosos compañeiros do IES e das diferentes entidades do barrio

- Participación no Congreso a Fenda dixital en Portugal



- Publicación dun capítulo sobre a comunidade xitana no libro IGUALDADE DE TRATO: RETOS E RESPOSTAS SOCIOEDUCATIVAS da USC

- **Mercadillo solidario Trócame Roque**

Co obxectivo de recaudar fondos para un proxecto solidario e para a mellora da zona de xogos do parque da Rúa Londres, púxose en marcha esta iniciativa. Os postos de venda e troco eran atendidos por rapaces. Participaron doce grupos do IES ademais do coro e dos reporteiros do equipo de TV coordinado por Agareso.



**PROPOSTAS de traballo para o vindeiro curso:**

- ✓ Continuidade co proxecto MELLORA
- ✓ Continuar con MEDIACIÓN
- ✓ Afondar no enfoque de aprendizaxe-servizo
- ✓ Continuidade dos programas de colaboración con outras entidades
- ✓ Os nosos maiores
- ✓ Solidariedade